



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR - 2018

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 08/10/2018), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira-1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro alumnos/as**, do total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os representantes elixidos en primeiro e segundo lugar ocuparán as dúas prazas que corresponde renovar neste ano 2018. As **dúas prazas restantes** (correspondentes á renovación do ano 2016) están vacantes, polo que serán cubertas nesta renovación de 2018 cos candidatos clasificados en terceiro e cuarto lugar por número de votos. A vixencia da proclamación destes últimos representantes será de dous anos, xa que estas prazas serán cubertas de novo na renovación de 2020.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións** ao referido **Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 22 de novembro**.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Instituto. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14:00 horas do día 20 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os alumnos/alumnas que non se presenten como candidatos/as, o **día 21 de novembro, ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos/as, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.

6.- As **votacións** realizaranse neste IES o **día 26 de novembro entre as 11:00 e as 11:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:50 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar **tres nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Finalizada a votación procederase ao **escrutinio** dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Burela, 13 de novembro de 2018

O PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Santiago J. Pérez Docobo